



BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DE 58 POSTOS DE DIVERSAS CATEGORÍAS DO CADRO DE PERSOAL DA SOCIEDADE MERCANTIL PÚBLICA AUTONÓMICA: EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA)

Acordo do 27 de setembro de 2023 polo que se resolve a cobertura de 58 postos de traballo do Cadro de Persoal da Sociedade e se aproban as bases de selección.

Os poderes adxudicadores dos que é propio a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos veñen incrementando a carga de traballo e diversificando a tipoloxía dos encargos formalizados nos últimos exercicios. Como consecuencia dese incremento, xurden novas necesidades de recursos, entre os cales os recursos humanos xogan un papel fundamental.

A Xunta de Galicia aprobou a oferta de emprego público de SEAGA no Decreto 209/2022, do 17 de novembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal laboral de entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 co obxecto da posta en marcha e funcionamento de novos servizos públicos.

De conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e co Decreto 260/2006, do 28 de decembro, polo que se crea a sociedade pública Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) e se aproban os seus estatutos, modificados polos acordos do Consello da Xunta e publicados polas resolucións do 5 de febreiro de 2013, do 6 de abril e do 7 de novembro de 2022, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, o Consello de Administración desta empresa aproba a convocatoria para a provisión definitiva de 58 postos de traballo do seu cadro de persoal de acordo coas seguintes:

BASES:

I. Obxecto da convocatoria.

I.1. Esta convocatoria ten por obxecto a provisión definitiva baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, de 58 postos de diversas categorías do cadro de persoal de SEAGA que se relacionan na táboa seguinte e que se detallan no ANEXO I da presente convocatoria.

Grupo/categoría	Cadro	Discapacidade	Libre	Total
Técnico/a Superior	Continuo	2	9	11
Técnico/a Medio/a	Continuo	2	6	8
Oficial 2ª Administrativo/a	Continuo	1	3	4
Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola	Discontínuo		2	2
Enxeñeiro/a Técnico/a Forestal	Discontínuo		1	1
Oficial 2ª Administrativo/a	Discontínuo		1	1
Capataz	Discontínuo	1	30	31
Totais		6	52	58





I.2. O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

I.3. No ANEXO I especifícanse os postos que poden ser cubertos pola quenda de discapacidade, reservados a persoas que acrediten unha discapacidade do 33%.

Se algunha persoa aspirante con discapacidade que se presenta pola cota de reserva de persoas con discapacidade non obtén posto, pero a súa puntuación é superior á obtida por outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluída pola súa orde de puntuación neste sistema.

De conformidade co disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, durante os procesos selectivos darase un tratamento diferenciado ás persoas aspirantes pola cota de discapacidade, no que se refire ás relacións de persoas admitidas e excluídas, aos chamamentos aos exercicios si os houber e á relación de persoas aprobadas. Non obstante, ao finalizar o proceso, elaborárase unha relación única na que se incluírán todas as persoas aspirantes que o superasen, ordenadas pola puntuación total obtida, con independencia do tipo de posto polo que participasen.

As persoas que, cumprindo os requisitos establecidos na base I.1.1, opten aos postos reservados para persoas con discapacidade deberán indicalo expresamente na solicitude. De non indicalo entenderase que non optan por esta reserva.

As persoas aspirantes só poderán participar nunha das quendas citadas.

I.4. O antedito persoal prestará servizos nos centros de traballo da Empresa, baixo a dependencia da Dirección de SEAGA e desempeñará as tarefas correspondentes á súas categorías. As persoas seleccionadas serán contratadas para cubrir con carácter indefinido ou fixo-discontínuo os postos de traballo indicados no ANEXO I.

I.5. Ao presente proceso selectivo seralle aplicable o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP); a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria e a normativa laboral establecida no estatuto dos traballadores

II. Aspectos xerais

II.1. Lugares de información e recollida de solicitudes.

Durante todo o proceso de selección, a información e recollida das solicitudes e instrucións correspondentes será facilitada no rexistro das oficinas de SEAGA.

II.1.1. Presentación presencial:

- Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi. Nº 14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña.
- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lugar de Cabanas - Salcedo Nº 54, 36143 Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.





Horario: de 9 a 14 horas (de luns a venres), teléfono: 981 546 127 Información que estará tamén dispoñible na páxina web de SEAGA: www.epseaga.com.

II.1.2. Presentación por correo postal

Nas oficinas da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día de presentación da solicitude, remitir vía correo electrónico a seleccion@epseaga.com a acreditación de dita presentación, que comprende tanto o resguardo acreditativo do envío que se entrega o cliente por parte do Organismo Estatal de Correos como a copia da solicitude ó proceso de selección)

II.1.3. Presentación telemática.

Desde a sede electrónica da Xunta de Galicia na dirección <https://sede.xunta.gal> empregando o modelo co código PR004A-Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado. En destinatario deberá seleccionar Consellería do Medio Rural e a continuación Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (SEAGA). Indicar que os documentos aportados por este medio deberán contar co correspondente código de verificación electrónica. No caso de que a documentación que se presente sexa un documento orixinal en papel ou que carece de sinatura electrónica e/ou validación electrónica, deberá presentarse nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia a efectos de acreditar que é copia electrónica auténtica do documento.

II.2. Comisións de selección.

Con motivo da selección constituirase unha ou varias comisións de selección, en función das categorías e perfís dos procesos, designadas pola Directora-xerente de SEAGA ás que lle serán de aplicación as instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección do 11 de abril de 2007 e o Acordo adoptado no Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

II.3. Documentos e reclamacións.

As persoas aspirantes quedarán vinculadas polos datos que declaren na súa solicitude. Considerarase como único domicilio para efectos de notificacións o consignado na súa solicitude. Non obstante calquera cambio que se produza nos datos declarados poderá ser comunicado á comisión de selección.

Calquera comunicación ou reclamación que se formule perante a comisión de selección deberá enviarse por correo certificado ou presentarse nas oficinas do rexistro de SEAGA, ou ben por vía telemática, todo iso de acordo co disposto no punto 1 desta base. No caso de optar por correo certificado deberá remitirse correo electrónico o mesmo día da presentación á dirección: seleccion@epseaga.com que acredite a devandita presentación.

III. Requisitos para a admisión das persoas candidatas

As persoas aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento en que se formalice o contrato os seguintes requisitos:

III.1. Idade:

Ter cumpridos dezaseis anos e non ter acadada a idade máxima de xubilación ordinaria.

III.2. Nacionalidade:

Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.
Polígono industrial do Tambre, Vía Marconi 14
Santiago de Compostela 15890 A Coruña
T. +34 981 546 127 Fax. +34 881 997 192
www.epseaga.com





a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.

c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.

d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

iii.3. Titulación:

Estar en posesión ou en condición de obter o título académico establecido no ANEXO I. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión de documento que acredite de forma que dea fe a súa homologación ou, no seu caso, do correspondente certificado de equivalencia.

III.4. Capacidade funcional:

Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das funcións e tarefas propias do posto de traballo no momento da formalización do contrato e incorporación ao mesmo.

III.5. Habilitación:

Non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. nin de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á categoría profesional da cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse en situación de inhabilitación, ou en circunstancia equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

III.6. Outros requisitos:

PERMISO DE CONDUCIR: Estar en posesión do permiso de conducir tipo B ou equivalente, nas categorías indicadas no ANEXO I.

COÑECEMENTO DO GALEGO: Con independencia dos requisitos relacionados anteriormente, as persoas aspirantes acreditarán o coñecemento do idioma galego, sendo necesario estar en posesión do CELGA establecido no ANEXO I, ou estudos equivalentes debidamente homologados de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). Non obstante, aquelas persoas que non acheguen a titulación anteriormente indicada deberán superar unha proba tipo test de coñecemento da lingua galega nos termos que se establecen na base VIII.





IV. Dereitos de exame

Co fin de facer fronte aos gastos de realización do presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ingresarán os importes que se reflicten na táboa seguinte en concepto de dereitos de exame, na conta ES13 2080 0388 2331 1000 3107.

Grupo/categoría	Importe
Técnico/a Superior	38,02 €
Técnico/a Medio/a	
Oficial 2ª Administrativo/a	33,13 €
Capataz	

Estarán exentas do pagamento polo concepto de dereitos de exame aquelas persoas que posúan unha discapacidade igual ou superior ao 33%. Así mesmo, estarán exentas as persoas que formen parte de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de integrantes de familias numerosas de categoría xeral, terán unha bonificación do 50%. Do mesmo xeito, estarán exentas as persoas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, dun mes anterior á data desta convocatoria.

Serán requisitos para o gozo da exención que non rexeitasen oferta de emprego adecuada nin se negasen a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais e que, así mesmo, carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional.

O importe satisfeito en concepto de dereitos de exame devolveráselles, logo dos trámites correspondentes, ás persoas aspirantes excluídas que o soliciten.

V. Documentación que debe ser entregada

V.1. As persoas que desexen participar nas probas selectivas desta convocatoria cursarán solicitude utilizando o modelo que figura no ANEXO II das presentes bases. Xunto coa solicitude, deberá ser entregada a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos na base III:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente.
- No suposto de non ter a nacionalidade española:
As persoas aspirantes estranxeiras que residan en España deberán, ademais, presentar unha fotocopia cotexada de residente comunitario ou de familiar de residente comunitario en vigor ou, se for o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario ou de persoa traballadora comunitaria fronteiriza en vigor.
As persoas aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, por residir no estranxeiro e estaren en España en réxime de estadía, deberán presentar unha fotocopia cotexada do documento de identidade ou do pasaporte.
As persoas familiares das anteriores deberán presentar unha fotocopia cotexada do visado e, se for o caso, do xustificante de ter solicitado a correspondente tarxeta ou xustificante de ter solicitado a exención do visado e da correspondente tarxeta. De non ter solicitado estes documentos, deberán presentar a acreditación das autoridades competentes do vínculo (os





documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco), e unha declaración xurada ou promesa da persoa española, da nacional dalgún estado dos demais estados membros da Unión Europea e da nacional dalgún Estado á que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, coa que existe este vínculo, de que non está separada de dereito do seu cónxuxe e, se for o caso, do feito de a persoa aspirante vivir ás súas expensas ou estar ao seu cargo.

- c) Xustificante da condición de persoa con discapacidade.
- d) Copia autenticada da titulación académica esixida.
- e) Fotocopia do permiso ou licenza de conducir tipo B ou equivalente, nos casos en que sexa requisito.
- f) Xustificante bancario de ter aboado a taxa correspondente ou documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente da mesma.
 - Persoas con discapacidade: certificado de discapacidade.
 - Vítimas de terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.
 - Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.
 - Persoas en situación de desemprego: certificación que acredite tal situación.

V.2. Unha vez superada a fase de oposición, ademais deberá achegarse a seguinte documentación xustificativa dos méritos alegados.

- a) Documentación orixinal ou fotocopia debidamente autenticada que acredite os méritos alegados, na experiencia laboral (Vida laboral, contratos de traballo e certificacións), segundo o ANEXO III. A omisión da documentación acreditativa de calquera mérito excluírá o mesmo da súa correspondente avaliación.
- b) Documentación acreditativa de títulos, diplomas e certificacións que poidan ser obxecto de valoración na formación, segundo o ANEXO III.
- c) Copia autenticada do título do Celga correspondente ou do título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).
- d) Relación dos documentos presentados.

V.3. Rexeitaranse todas aquelas instancias que non acheguen os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para o acceso ao proceso de selección, e mais o aboamento dos dereitos de exame ou, se é o caso, do xustificante de exención. Non se admitirán copias simples para xustificar o cumprimento de requisitos ou acreditar méritos, nin documentos dixitais que carezan do código de verificación seguro.

VI . Prazo, forma e lugar de presentación das solicitudes.

VI.1 As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude de participación, en instancia que figura no ANEXO II desta convocatoria, no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación do anuncio indicativo desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

VI.2. Só se admitirán aquelas solicitudes entregadas en dito prazo acompañadas do xustificante bancario de aboamento dos dereitos de exame, ou da documentación que xustifique a súa redución ou exención de acordo co establecido na base IV desta convocatoria, sendo excluídas todas aquelas que





non cumpran este requisito. En ningún caso a presentación do xustificante de pagamento dos dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

VI. 3. A solicitude dirixirase á Directora-xerente de SEAGA e poderá presentarse nos lugares e polos medios indicados na base II.1.

A solicitude irá acompañada da documentación relacionada na base V, segundo as indicacións establecidas polo ANEXO III.

VII. Listado de persoas candidatas admitidas e excluídas.

VII.1. Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Selección aprobará a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, que se publicará na páxina web da Empresa (www.epseaga.com).

VII.2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación das listas provisionais, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión. De non haber reclamacións, a lista provisional enténdese aprobada definitivamente.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das peticións de correccións entenderase implícita na lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

VII.3. A lista definitiva de persoas admitidas e excluídas será publicada pola Comisión de Selección que se publicará na páxina web da Empresa (www.epseaga.com).

VII.4. O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos.

VIII. Proceso de selección.

O proceso de selección das persoas candidatas constará de tres fases: proba de coñecementos, valoración de méritos e entrevista persoal.

VIII.1. Proba de Coñecementos:

VIII.1.1. Temarios.

Esta proba terá carácter eliminatorio e versará sobre os coñecementos do temario do posto convocado, segundo os contidos reflectidos no ANEXO IV das presentes bases.

Teranse en conta as versións das normas de dereito positivo incluídas no temario que figura no ANEXO IV que, con data límite da presente convocatoria, contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

Aquelas normas de dereito positivo incluídas no temario que figura no ANEXO IV e que fosen derogadas parcial ou totalmente, serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da publicación da presente convocatoria.

VIII.1.2. Extensión e duración.





A proba consistirá en responder por escrito a un cuestionario tipo test. As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas, das que só unha (1) será correcta. Cada resposta incorrecta descontará un cuarto (1/4) dunha pregunta correcta. As respostas en branco non puntúan nin penalizan.

A Comisión de Selección deberá procurar, na elaboración do exame, que o número de preguntas garde a debida proporción co número e contido dos temas que integran o temario recollido no ANEXO IV da presente convocatoria.

A extensión e duración varía segundo a categoría da que se trate:

Grupo/categoría	Número preguntas	Duración (minutos)
Técnico/a Superior	60	120
Técnico/a Medio/a	50	100
Oficial 2ª Administrativo/a	40	80
Capataz	30	60

O exercicio disporá de cinco (5) preguntas de reserva.

A proba cualificarase de 0 a 60 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 30 puntos para superar esta fase. As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

VIII.1.2. Desenvolvemento do exercicio.

VIII.1.2.a. O anuncio de realización dos exercicios publicarase na páxina web da Empresa (www.epseaga.com), con dous (2) días hábiles, polo menos, de anticipación á sinalada para o seu inicio.

VIII.1.2.b. As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que a xuízo da comisión de selección acredite a súa identidade.

VIII.1.2.c. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, as persoas integrantes da comisión de selección e as persoas designadas pola Empresa como colaboradoras.

VIII.1.2.d. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas pola comisión de selección coa finalidade de acreditar a súa identidade

VIII.1.2.e. O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas. Non obstante, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización do exercicio polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente cos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento da comisión de selección.

A petición da muller aspirante deberá realizarse dentro dos dous días hábiles seguintes ao anuncio da data de realización do exercicio. Xunto coa petición deberá achegarse o informe médico oficial. A dita solicitude non supón en ningún caso o outorgamento de permiso para o acceso aos datos médicos da persoa aspirante por parte da comisión de selección.





A comisión de selección acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo

VIII.1.2.f. Ao remate da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas.

A plantilla de resultados publicarase na web de SEAGA e as persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles para posibles reclamacións. No caso de non presentarse alegación ningunha a avaliación adquirirá carácter definitivo.

Transcorrido dito prazo, os resultados da proba publicaranse na páxina web da Empresa (www.epseaga.com) e as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación para poder realizar as alegacións que estimen oportunas. No caso de non presentarse alegación ningunha a avaliación adquirirá carácter definitivo.

Transcorrido dito prazo, a comisión de selección publicará na páxina web da Empresa (www.epseaga.com) a relación de persoas aspirantes que superaron a proba de coñecementos.

VIII.2. Valoración de méritos:

Unha vez firme a relación de persoas aspirantes que superaron a proba de coñecementos, Comisión de Selección abrirá un prazo de dez (10) días naturais para a acreditación de méritos, de acordo aos modelos e mecanismos de acreditación do ANEXO III.

VIII.2.1. A comisión de selección avaliará os méritos que acrediten debidamente as persoas aspirantes. Non se valorarán os méritos que non fosen suficientemente acreditados documentalmente, nin os presentados fóra do prazo establecido para a presentación da documentación.

Os méritos enumerados deberán referirse á data de publicación do anuncio indicativo da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Poderase acadar unha puntuación máxima nesta fase de 30 puntos.

VIII.2.2. Esta fase consistirá na valoración dos seguintes méritos das persoas aspirantes:

VIII.2.2.a. Experiencia profesional en postos de traballo da mesma categoría onde se realizaran funcións semellantes ás do posto convocado, ata 20 puntos como máximo e do seguinte xeito:

- Polos servizos prestados na Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, na Xunta de Galicia ou en entidades e empresas públicas vencelladas a ela; relacionadas coas funcións dos postos aos que se opta, na mesma categoría profesional : 0,2 puntos por mes traballado.
- Polos servizos prestados nas Administracións Públicas, empresas públicas ou privadas, ou no exercicio libre da profesión na mesma ou análoga categoría profesional á que se opta: 0,15 puntos por mes traballado.

Un mesmo período laboral non poderá computar en máis dun dos apartados anteriores.

No Currículo que se presente (segundo modelo do ANEXO III) deberán ir debidamente relacionados os períodos de contratación, e grupos de cotización respectivos da vida laboral, sinalando de xeito claro as datas de inicio e de remate dos contratos, así como as tarefas desenvoltas.



Viii.2.2.b. Formación complementaria.

Cursos de formación e/ou perfeccionamento nos eidos correspondentes a cada categoría e perfil.

A puntuación máxima obtida por cursos de formación específicos nas materias relacionadas será de 10 puntos de acordo coa seguinte escala.

- De 8 a 49 horas de duración: 0,5 puntos
- De 50 a 100 horas de duración: 1,0 puntos
- De 101 a 300 horas de duración: 1,5 puntos
- De máis de 300 horas de duración: 2,0 puntos

Unha vez rematado o proceso de avaliación dos méritos alegados polas persoas solicitantes, publicaranse os resultados na páxina web da Empresa (www.epseaga.com) e as persoas aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación para poder realizar as alegacións que estimen oportunas. No caso de non presentarse alegación ningunha a avaliación adquirirá carácter definitivo.

VIII.3. Coñecemento do idioma galego.

A dita proba será obrigatoria e eliminatoria para as persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión ou en condicións de obter o día da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG), o nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso á categoría ao que participa.

A proba de coñecemento da lingua galega realizarase de acordo ao nivel do Celga requirido. Para todas as categorías da presente convocatoria, o nivel de galego esixido será o Celga correspondente.

Consistirá en responder por escrito, a un cuestionario tipo test de 60 preguntas máis 5 de reserva nun tempo máximo de 120 minutos. Cada resposta correcta valórase con 1 punto, penalizándose con 0,25 cada resposta errónea. As respostas en branco non puntuán nin penalizan. As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

A proba cualificarase de apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Corresponde á Comisión de Selección o establecemento do nivel mínimo esixido para acadar a cualificación de apto.

O cuestionario deberá obrigatoriamente recoller contidos relacionados cos niveis funcionais da lingua: léxico, sintáctico e gramatical, correspondentes ao nivel do Celga correspondente requirido no proceso selectivo.

Ao remate da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas.

Publicaranse o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web www.epseaga.com.

VIII.4. Entrevista persoal:

Corresponderalle á comisión de selección establecer o número de aspirantes que acceden á entrevista.

A entrevista versará sobre aspectos do seu currículo académico e profesional, coñecemento e experiencia, dispoñibilidade e aptitude do aspirante en relación coas funcións dos postos de traballo.





A duración máxima da entrevista será de vinte minutos. O seu resultado puntuarase cun máximo de 10 puntos.

Os aspectos a avaliar na Entrevista son os seguintes:

- Aspectos do currículo académico e profesional do aspirante.
- Demostración do coñecemento xeral do Sector Público e do contexto da actividade da Empresa.
- Aptitude en relación coas funcións propias do posto e das actividades a desenvolver.
- Capacidade de resposta ante situacións concretas propostas na entrevista.
- Capacidade xeral de comunicación, claridade e precisión nas respostas.

VIII.5. Criterios de desempate.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

En primeiro lugar o empate dirimirase en caso de infrarrepresentación do sexo feminino na correspondente categoría profesional, a prol da muller.

En segundo lugar o empate dirimirase segundo a puntuación obtida na fase de oposición.

En terceiro lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados na categoría profesional obxecto da convocatoria en SEAGA.

En cuarto lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados no ámbito de SEAGA.

En quinto lugar, de persistir o empate, este resolverase pola maior idade da persoa aspirante.

E finalmente de persistir o empate, resolverase por sorteo.

IX. Proposta de nomeamento e contratación laboral.

Rematado o proceso, a comisión de selección fará pública a puntuación total obtida polas persoas aspirantes que superaron o proceso de selección, en forma de lista ordenada de maior a menor puntuación e as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para presentar a oportuna reclamación. No caso de non presentarse alegación ningunha a avaliación adquirirá carácter definitivo.

Transcorrido o dito prazo, a comisión de selección proporalle ao presidente do Consello de Administración de SEAGA, para a súa contratación en réxime de persoal indefinido ou fixo-discontínuo aos aspirantes que obteñan maior puntuación para cada un dos postos convocados, formalizándose os correspondentes contratos, logo da acreditación dos requisitos a que se refiren as presentes bases, en particular, o relativo á capacidade funcional exposta na base III.4 mediante o correspondente certificado médico oficial ou informe de saúde. A devandita proposta publicaráse na páxina web da Empresa (www.epseaga.com) e notificarase ás persoas seleccionadas para que poidan presentar as acreditacións oportunas do cumprimento de requisitos.





X. Elaboración de listas.

Seguindo a orde de puntuación obtida neste proceso elaborárase unha lista coas persoas aspirantes non seleccionadas que será utilizada para a cobertura temporal de postos do cadro de persoal das categorías correspondentes.

Esta lista estará vixente en tanto non sexa convocada a cobertura dos postos correspondentes.

A Directora Xerente,

Asdo: M^a Luisa Piñeiro Arcos

(Na data e hora da sinatura dixital)





ANEXO I: PERFÍS DOS POSTOS CONVOCADOS.



CADRO DE PERSOAL CONTÍNUO					QUENDA			REQUISITOS	
POSTO	CÓDIGO PROCESO	UBICACIÓN	CATEGORÍA	PERFIL: TITULACIÓN MÍNIMA REQUIRIDA	DISCAPACITADOS	LIBRE	TOTAL	CELGA	PERMISO
Técnico asesoramento financeiro (superior)	15-TS-AF-LD	SSCC	Técnico Superior	Licenciatura en Dereito/Máster en Dereito ou equivalente (MECES 3) .		1	1	CELGA 4	B1
Técnico asesoramento financeiro (superior)	15-TS-AF-EC (D)	SSCC	Técnico Superior	Licenciatura en CC Económicas e Empresariais ou Master en Economía ou Dirección de Empresas (MECES 3) ou equivalente	1		1	CELGA 4	B1
Técnico asesoramento financeiro (superior)	15-TS-AF-EC	SSCC	Técnico Superior	Licenciatura en CC Económicas e Empresariais ou Master en Economía ou Dirección de Empresas (MECES 3) ou equivalente		1	1	CELGA 4	B1
Técnico asesoramento financeiro (superior)	15-TS-AF-EI	SSCC	Técnico Superior	Enxeñería Industrial ou equivalente (MECES 3).		1	1	CELGA 4	B1
Técnico asesoramento financeiro (superior)	15-TS-AF-EA	SSCC	Técnico Superior	Enxeñería Agronómica ou equivalente (MECES 3)		1	1	CELGA 4	B1
Técnico servizos (medio)	15-TM-AF-ET	SSCC	Técnico Medio	Enxeñería Técnica Industrial ou Enxeñería Técnica Agrícola ou equivalente (MECES 2)		1	1	CELGA 4	B1
Técnico Protección do Medio Rural (superior)	15-TS-PM-EM (D)	SSCC	Técnico Superior	Enxeñería de Montes ou equivalente (MECES 3)	1		1	CELGA 4	B1
Técnico Protección do Medio Rural (superior)	15-TS-PM-EM	SSCC	Técnico Superior	Enxeñería de Montes ou equivalente (MECES 3)		1	1	CELGA 4	B1
Técnico Protección do Medio Rural (medio)	15-TM-PM-ET	SSCC	Técnico Medio	Enxeñería Técnica Forestal /Agrícola ou equivalente (MECES 2)		1	1	CELGA 4	B1
Técnico proyectos (medio)	15-TM-PM-ET	SSCC	Técnico Medio	Enxeñería Técnica Forestal /Agrícola ou equivalente (MECES 2)		1	1	CELGA 4	B1
Técnico obras civís, forestais e agrarias (superior)	15-TS-OB-ES	SSCC	Técnico Superior	Enxeñería de Camiños Canles e Portos /Arquitectura/Enxeñería Agronómica ou equivalente (MECES 3)		1	1	CELGA 4	B1
Técnico obras civís, forestais e agrarias (superior)	15-TS-OB-ES	SSCC	Técnico Superior	Enxeñería de Camiños Canles e Portos /Arquitectura/Enxeñería Agronómica ou equivalente (MECES 3)		1	1	CELGA 4	B1
Técnico obras civís, forestais e agrarias (medio)	15-TM-OB-ET (D)	SSCC	Técnico Medio	Enxeñería Técnica de Obras Públicas /Arquitectura técnica/Enxeñería Técnica Agrícola ou equivalente (MECES 2)	1		1	CELGA 4	B1
Técnico obras civís, forestais e agrarias (medio)	15-TM-OB-ET	SSCC	Técnico Medio	Enxeñería Técnica de Obras Públicas /Arquitectura técnica/Enxeñería Técnica Agrícola ou equivalente (MECES 2)		1	1	CELGA 4	B1
Técnico xestión forestal (superior)	15-TS-XF-EM	SSCC	Técnico Superior	Enxeñería de Montes ou equivalente (MECES 3)		1	1	CELGA 4	B1
Técnico xestión forestal (superior)	15-TS-XF-EM	SSCC	Técnico Superior	Enxeñería de Montes ou equivalente (MECES 3)		1	1	CELGA 4	B1
Técnico sanidade vexetal (medio)	15-TM-XF-ET (D)	SSCC	Técnico Medio	Enxeñería Técnica Forestal ou equivalente (MECES 2)	1		1	CELGA 4	B1
Técnico viveiros produción MFR (medio)	15-TM-XF-ET	SSCC	Técnico Medio	Enxeñería Técnica Forestal ou equivalente (MECES 2)		1	1	CELGA 4	B1
Técnico de apoio e seguimento (medio)	15-TM-XF-ET	SSCC	Técnico Medio	Enxeñería Técnica Forestal ou equivalente (MECES 2)		1	1	CELGA 4	B1
Administrativo Dirección	ADM2	SSCC	Oficial 2º Administrativo	Ciclo Superior Rama Administración / Bacharelato ou equivalente		1	1	CELGA 4	
Administrativo Provincia A Coruña	ADM2 (D)	CORUÑA	Oficial 2º Administrativo	Ciclo Superior Rama Administración / Bacharelato ou equivalente	1		1	CELGA 4	
Administrativo Provincia Lugo	ADM2	LUGO	Oficial 2º Administrativo	Ciclo Superior Rama Administración / Bacharelato ou equivalente		1	1	CELGA 4	
Administrativo Provincia Ourense	ADM2	OURENSE	Oficial 2º Administrativo	Ciclo Superior Rama Administración / Bacharelato ou equivalente		1	1	CELGA 4	
					5	18	23		

CADRO DE PERSOAL DISCONTÍNUO								QUENDA			REQUISITOS	
POSTO	CÓDIGO POSTO	CÓDIGO PROCESO	UBICACIÓN	DURACIÓN	COBERTURA	CATEGORÍA	PERFIL: TITULACIÓN MÍNIMA REQUIRIDA	DISCAPACITADOS	LIBRE	TOTAL	CELGA	PERMISO
Enxeñeiro Técnico Agrícola	15-D-ETA-01	ETA-D	SSCC	9	Interinidade	Técnico Medio	Enxeñería Técnica Agrícola ou equivalente (MECES 2)		1	1	CELGA 4	B1
